

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 22/06/2026**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
CARLOS COIRA LOJO  
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/06/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15 de xuño de 2026, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2026/2149**

Dáse conta de solicitude con número de rexistro 2026006532 (RE-405-26), de data 14/05/2026, presentada por Pablo MAGARIÑOS CUERVO, con relación á instalación de espello para mellorar a visibilidade en Avda. Cornazo, 27, debido á escasa visibilidade que teñen ao incorporarse á circulación desde a súa propiedade.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que o espello solicitado sería para un uso particular, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ao Sr. Magariños Cuervo que debería instalá-lo na súa propiedade e ao seu cargo, sen invadir espazo público, orientándoo de xeito que mellore a visibilidade á hora de acceder ou saír da súa propiedade.

**PRP2026/2150**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con intervención policial en Avda. de Cambados nº 11, no que indican que consideran adecuada a sinalización dunha praza para persoas con mobilidade reducida nas inmediacións do nº 11 da Avda. de Cambados, na zona mais preto dos semáforos, xa que se podería pintar a praza e os cebreados adxacentes sen limitar ningunha praza de estacionamento mais.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida no citado lugar, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

**PRP2026/2153**

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Vázquez Blanco, solicitando autorización para celebración dun evento de carácter cultural, conmemorativo do Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+, en colaboración con Franco Quintans e a Asociación O Soño de Lilith, consistente nun tardeo con sesión musical, no espazo publico situado entre os establecementos Diurno e Saigón, situados na Rúa Romero Ortíz, o día 27 de xuño de 2026, en horario de 19:00 a 01:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, **en horario de 19:00 a 24:00**

**horas**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2026/2154**

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, solicitando autorización para a realización dun concerto na terraza do Bar "Chirin-jito", situado na Rúa Alexandre Boveda nº 26, o día 23 de xuño de 2026, en horario de 21:00 a 01:00 horas, con motivo da Noite de San Xoán.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2026/2162**

Dáse conta do escrito presentado polo Club Talitrus Fútbol Praia, no que con motivo da organización da segunda etapa da Liga Nacional de Fútbol Praia, da Segunda División, os días 25, 26, 27 e 28 de xuño, solicitan o uso dos Campo de Fútbol Praia situado na Praia Compostela, así como a seguinte colaboración loxística desenvolvemento do mesmo:

- Cribado da área.
- Colocación de gradas para mínimo de 300 persoas.
- A colocación de redes de protección detrás das porterías.
- Instalación de corrente para a demanda de servizos.
- 10 carpas
- 50 cadeiras
- Equipo de son
- Valados de delimitación perimetral.
- Grupo electrógeno
- Seguridade nocturna.
- Ambulancia.

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar ao Club Talitrus Fútbol Praia, o uso da Praia Compostela do Concello de Vilagarcía de Arousa, para a celebración da segunda etapa da Liga Nacional de Fútbol Praia, da Segunda División, que se vai levar a cabo os días 25, 26, 27 e 28 de xuño de 2026, así como a cesión do material e servizos detallados.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

**PRP2026/2163**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa intervención policial na Rúa Extramuros - Carril, no que indican que son numerosas as incidencias nas que se comisiona á Policía Local para intervir por ocupación indebida de zonas que afectan ao uso de vaos permanentes, especialmente nos inmobles cos nos 8, 10 e 18 da citada vía.

A problemática existe cando determinados conductores estacionan os seus vehículos na acera oposta aos accesos de ditos inmobles, dificultando as maniobras de entrada e saída dos garaxes e en numerosas ocasións impedir completamente o acceso ou a saída de vehículos.

Se ben existe sinalización horizontal consistente nunha línea lonxitudinal continua de cor amarela, que prohíbe o estacionamento na zona afectada, dita medida resulta insuficiente, polo que consideran conveniente reforzar a sinalización existente.

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de bolardos fronte aos vaos correspondentes a os inmobles números 8, 10 e 18 da rúa Extramuros, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

**PRP2026/2171**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa intervención policial no nº18 da Rúa Extramuros -Carril, donde, ao parecer, a titular dun vao permanente solicita presenza policial debido a que un vehículo estacionado nas inmediacións impide a entrada e saída o seu garaxe.

Faise constar que esta incidencia prodúcese de forma reiterada, especialmente durante os fins de semana, circunstancia que dificulta a retirada dos vehículos infractores e ocasiona un grave prexuízo á titular do vao.

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda a instalación de bolardos fronte ao vao correspondente a o inmobile número 18 da rúa Extramuros, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

**PRP2026/2179**

Vista a proposta da Concelleira de Seguridade Cidadá e o informe emitido polo Xefe de Servizo do Servizo de Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar e subscribir o convenio regulador para a concesión directa dunha subvención entre o Concello e a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA (G36213213), nos termos establecidos no borrador que consta no expediente.
2. Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 65.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 135-489 do orzamento vixente.

**PRP2026/2180**

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas, no que indica que recibíuse expediente sancionador de Augas de Galicia nº DHD36112926 polo punto de vertido V25443. Dito punto localízase baixo a ponte de pedra de Vista Alegre, situada fronte ao parque da Xunqueira.

Para localizar a orixe dos vertidos, foi necesario realizar unha inspección con cámara, onde se detectou que o problema é o mal estado dos tres pozos de rexistro, situados a ambos lados da ponte e comunicados por unha tubaxe que transcorre baixo a ponte.

Polo cal faise necesaria a reparación e impermeabilización dos pozos de rexistro situados a ambos lados da ponte de pedra de Vista Alegre, mediante o selado das entradas de auga existentes con inxeccións de resinas bicomponentes aplicadas con pistola e compresor, así como a execución dun revestimento interior con formigón de reparación, co obxecto de eliminar as filtracións que poidan estar a provocar os vertidos detectados.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de reparación dos pozos de rexistro da ponte de pedra de Vista Alegre á Empresa CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L. con CIF: B-94057536 , por un importe total de 3.623,95 €

(IVE incluído), con cargo á partida 161.210 de coformidade co orzamento presentado. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2260**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños San Miguel de Trabanca Badiña, solicitando a retirada dun poste de telefonía que está no medio da rúa Carregal nº23 en Trabanca Badiña.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar a empresa Telefónica de España SAU, a retirada do citado poste para garantir a seguridade do tránsito rodado.

#### **PRP2026/2261**

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Abal Outón en representación da Comunidade de Propietarios dos edificios situados na Avda. Rosalía de Castro nº 110, 110A, 112 e 114 en Carril, a escasa distancia da línea ferroviaria que atravesa a parroquia de Carril, solicitando se valore a implantación de medidas correctoras para mitigar o ruído que soportan de forma continuada derivado do paso de trens.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado a ADIF da solicitude para que adopten as medidas que consideren oportunas para reducir o impacto acústico.

#### **PRP2026/2298**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro dun novo desfibrilador semi automático para o servizo da praias, por avaria dun existente, por un importe total de 1.464,10€ (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 1722-63300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2300**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro dunha cadeira de rodas anfibia para persoas con mobilidade reducida para a Praia de Preguntoiro, por un importe total de 2.112,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722.63300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2301**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SLU para subministro e tres táboas de rescate acuático para rescate de posibles afogados nas Praias de Preguntoiro, Campanario e Concha-Compostela, por un importe total de 5.916,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722.63300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1909**

Dáse conta do escrito presentado por D. Candido Lema Estevez en representación de GOMEZ LEMA ESPJ, solicitando autorización para celebración do 6º aniversario do local hostaleiro Saona con ambientancil musical o día 03 de xullo de 2026 en horario de 18:00 a 23:30 h.

Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

#### PRP2026/2259

Na Xunta de Goberno Local do 27/04/2026 en relación á escola infantil municipal acordouse, entre outros: "A partir do 01/04/2026 e ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do servizo, o concello incrementará sobre a facturación mensual dos custes de atención educativa e comedor, dos nenos e nenas en alta na escola infantil municipal, nunha porcentaxe dun 21,5 %."

Nas facturacións dos meses de abril e maio de 2026 aprobouse o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L., en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias, non sendo aplicado o 21,5% correspondente.

1- Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

1. Custe derivado da aplicación do 21,5% as bonificacións do mes de abril 2026 a asumir polo Concello:

| concepto           | Bonificacións abril | 21,5%      |
|--------------------|---------------------|------------|
| Atención educativa | 12.891,05 €         | 2.771,57 € |
| Comedor:           | 5.158,93 €          | 1.109,17 € |
| total              |                     | 3.880,74 € |

2. Custe derivado da aplicación do 21,5% as bonificacións do mes de maio 2026 a asumir polo Concello:

| concepto           | Bonificacións maio | 21,5%      |
|--------------------|--------------------|------------|
| Atención educativa | 12.873,71 €        | 2.767,85 € |
| Comedor            | 5.208,91 €         | 1.119,91 € |
| total              |                    | 3.887,76 € |

2- Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de 21,5% da bonificación municipal pola atención educativa e comedor dos meses de abril e maio 2026.

Total a transferir á Escola Infantil Municipal : 7.768,50 €, con cargo á partida orzamentaria 323.48007

## EMPREGO

#### PRP2026/2156

A Concellería de Promoción económica elaborou as Bases Reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a Contratación de

Traballadores/as desempregados/as por conta allea coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración e consolidación do emprego no municipio apoiando a contratación de persoas desempregadas nas empresas do territorio .

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2026, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de:

- Persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no SPEG, empadroadas no municipio de Vilagarcía na data de presentación da solicitude, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de outubro de 2025 e 30 de setembro de 2026.

A XGL poderá acordar o outorgamento da subvención para contratacións a tempo parcial no caso de que pola natureza da actividade da empresa, a xornada de traballo sexa inferior á legalmente establecida para ser considerada "a tempo completo".

Poderán ser obxecto de subvención un máximo de dúas contratacións por empresa.

A limitación no número de contratacións a subvencionar non se aplicará no caso de que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes quedara remanente na aplicación orzamentaria. Neste caso, as empresas terán dereito á percibir subvención polos contratos que excedan o devandito límite, na contía que resulte da aplicación do baremo de puntuación, sempre que formalizaran a solicitude no prazo xeral establecido nestas bases. A distribución do citado remanente levarase a cabo por rigoroso rexistro de entrada da solicitude de axuda.

Poderán ser obxecto de subvención, os contratos laborais indefinidos, que teñen por finalidade elevar o nivel do emprego estable e de calidade.

A Concellería de Promoción Económica será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas e o seu acordo será notificado individualmente por vía telemática, a cuxo efecto recibirá aviso de posta a disposición da resolución, na dirección/mail indicada na solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de outubro de 2026 ou ata esgotar o orzamento. As solicitudes poderán presentarse a partir do día seguinte á data de publicación do EXTRACTO das presentes bases no BOPPO.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 "Fomento de emprego – subvencións para o fomento do emprego" do orzamento municipal vixente, cun importe total de 60.000 €

Vistas as Bases da Convocatoria, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Aprobar as bases reguladoras do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2026
- b) Aprobar a convocatoria correspondente ao exercicio 2026, segundo as bases reguladoras anexas incorporadas ao expediente
- c) Autorizar o gasto por importe de 60.000,00 € con cargo á aplicación 241-470 do orzamento vixente
- d) Ordenar a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións ( BDNS) e posterior publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

## **PRP2026/2172**

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego e do Director do Obradoiro de Emprego "Forme 2026", en relación coa prestación do servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro Dual de Emprego "FORME 2026", durante o período comprendido entre o 22/06/2026 (ou data de inicio da prestación) e o 26/02/2027, na rúa Agustín Romero, nº 52.

O servizo incluírá as seguintes tarefas:

A limpeza realizarase os martes e xoves para limpar as seguintes estancias e superficies:

Zonas de limpeza: Despacho do primeiro andar, 2 aulas do primeiro andar, 2 baños do primeiro andar, zonas comúns (vestíbulo, corredores).

- Varrido e fregado de chans en húmido.
- Baleirado de papeleiras.

- Limpeza de portas e marcos.
- Limpeza e desinfección de baños.
- Subministración de materiais sanitarios.
- Limpeza de mobiliario.

O subministro e reposición de consumibles nos baños (papel hixiénico, toallas de papel e xabón de mans) está incluído no orzamento.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor de servizos consistente na prestación do servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro Dual de Emprego "FORME 2026", á Empresa CLECE SA (A80364243), por un importe total de 3.640,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22700, e con cargo ao Módulo B do proxecto de gasto 2026/3/FORME/1, coa seguinte desagregación por anualidades:

- Anualidade 2026: 2.390,40 € (IVE incluído) con cargo ao orzamento de 2026.

- Anualidade 2027: 1.250,36 € (IVE incluído) con cargo ao orzamento do 2027, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito orzamento.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2026/2173**

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego e do Director do Obradoiro de Emprego "Forme 2026", a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizo de formación en prevención de riscos laborais nas instalacións do Obradoiro Dural de Emprego "Forme 2026", á Empresa Tergo Formación y Servicios Técnicos SL (B27520733), por un importe total de 2.390,00 € (IVE exento), con cargo ao MÓDULO B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto, con cargo á partida 2412.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2026/2174**

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego e do Director do Obradorio de Emprego "Forme 2026", a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa KAEME CONSULTORÍA Y PREVENCIÓN, S.L. contratación do servizo de formación na materia complementaria de Alfabetización Informática: Internet 10 horas, do programa de Emprego "FORME 2026", por un importe total de 565,00 € (IVE incluído) con cargo ao MÓDULO B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto, con cargo á partida 2412.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2026/2175**

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego e do Director do Obradorio de Emprego "Forme 2026", a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa KAEME CONSULTORÍA Y PREVENCIÓN, S.L. a contratación do servizo de formación na materia complementaria de Inserción Laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero 10 horas, do programa de Emprego "FORME 2026", por un importe total de 465,00 € (IVE incluído) con cargo ao MÓDULO B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto, con cargo á partida 2412.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2026/2246**

Con data de 18/05/2026 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de gasto de aluguer dun equipo proxección de 15.000 lúmenes á empresa CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. con CIF B15843394 para o Concerto de Clausura do festival clasclas do 27 de xuño, a cargo da Orquestra Sinfónica de Galicia en conmemoración do eclipse que terá lugar o vindeiro 12 de agosto. Dito concerto se realiza en colaboración co Consejo Superior de Investigaciones Científicas – CSIC, que é o encargado de contratar a persoa que realiza a proxección, o astrónomo americano José Francisco Salgado, director executivo da organización KV 265 "Science through Art".

O canón proxector é o mesmo que a OSG utilizará o día 26 no Palacio da Ópera de A Coruña, polo que hai tempo plantexamos a posibilidade de que a OSG trouxera o canón proxector xunto con todo o seu material e se procedese nese intre ao seu montaxe. Coordinamos os servizos técnicos do Auditorio e da empresa CEGA que acordaron as necesidades precisas.

A pasada semana recibíuse a comunicación do CSIC informando que é preciso realizar a montaxe do canón proxector de 15.000 lúmenes o sábado 27 pola mañá, e xa que a OSG non chega a Vilagarcía ata a tarde é preciso contratar os servizos de transporte, montaxe e desmontaxe do canón proxector á empresa que ten xa adxudicado o aluguer do mesmo.

O orzamentocomplementario remitido por CEGA Congresos Audiovisuales SL contempla os gastos de persoal técnico de montaxe, persoal técnico de desmontaxe e transporte do equipo xa alugado que se indica baixo estas liñas:

Proxector 15.000 EPSON EB-L1755U Láser Full HD, xunto coa Lente EPSON 15K ELPLW08 ratio 0.86-1.21:1, máis accesorios e cableado, xa está adxudicado na XGL do 18/05/2026.

O orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/05/2026 para o aluguer do equipo de proxección ascende a 774,40 € (640,00 € + 134,40 € do IVE )

O orzamento para o que se solicita aprobación pola Directora do Conservatorio Profesional de Música, e que contempla os gastos de persoal técnico de montaxe, desmontaxe e transporte do proxector ascende a 653,40 € ( 540,00 € + 113,40 € do 21 % do IVE)

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ampliación do gasto a CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. con CIF B15843394, por un importe de 653,40 € ( 540,00 € + 113,40 € do 21 % do IVE), con cargo á partida 2026 3261 203 do Proxecto de gasto con código 2026/3/CRRTE-5 Liña 1 financiada con RRPP e co obxectivo de proceder ao montaxe, desmontaxe e transporte do equipo de proxección alugado á dita empresa por acordo da Xunta de Goberno Local do pasado 18/05/26 para o concerto de clausura do festival clasclás 2026, e que terá lugar o sábado 27 de xuño no Auditorio Municipal.

O importe total do gasto a realizar pola empresa CEGA CONGRESOS AUDIOISUALES ascenderá por tanto a: 1.427,80 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2247**

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que o pasado 01/06/2026 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de gasto a favor da Asociación Cultural Ditirambo Escena con CIF G88770565, para o concerto de guitarra do Festival Internacional de Música clasclás a realizar polo Sr. D. Alfonso Aguirre Dergal o 25 de xuño.

Por parte de dita Asociación comunicouse a imposibilidade de realizar o citado concerto por D. Alfonso Aguirre Dergal.

Propónse a realización do concerto por D. Alvaro Toscano Román, con NIF 32734908 C ascende a 1.100,00 € (mesmo importe que o xa adxudicado á Asociación Ditirambo escena para o concerto do Sr. Aguirre e que é neste caso 1.000,00 € + 100,00 € do 10 % do IVE) e que se realizará con cargo á partida 2026 3261 22609 do Proxecto 2026/3/CRRTE/5 Liña1 financiada

con RRPP

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A anulación da proposta de gasto adxudicada á Asociación Cultural Ditirambo Escena con CIF G88770565, para o concerto do mércores 25 de xuño dentro da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 1.100,00€ e con cargo á partida 2026 3261 22609 do Proxecto 2026/3/CRRTE/5 Liña 1 financiada con RRPP, debido á indisposición do Sr. Alfonso Aguirre Dergal que non fai posible a súa participación no festival.

Segundo.- Aprobar o gasto a favor de D. Alvaro Toscano Román, con NIF 32734908 C para a realización do concerto do mércores 25 de xuño dentro da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 1.100,00€ (1.000,00 € + 100,00 € do 10 % do IVE e con cargo á partida 2026 3261 22609 do Proxecto 2026/3/CRRTE/5 Liña 1 financiada con RRPP.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2026/2248**

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que nesta edición 2026, e derivado do deseño da mesma así como das diferentes peculiaridades dos concertos, ten solicitado unha provisión de fondos para realizar o servizo de restauración do festival. O servizo de comidas e ceas de cada día do festival realizarase en tres ou catro establecementos da nosa vila, non sendo posible calcular exactamente o importe total das comidas e/ou ceas xa que depende do que finalmente se vaia consumir.

Sen embargo é posible coñecer xa os datos relativos ao catering do concerto de clausura, que nesta ocasión se vai a realizar pola empresa O Avó Chopo, con CIF B13692652 e enderezo en Doctor Tourón nº 14, baixo, de Vilagarcía de Arousa, que ten presentado un servizo de catering cinco tipos diferentes de canapés e as súas variacións, e bebida. As Bodegas Martín Códax, patrocinadoras do festival, facilitarán o albariño para o dito servizo.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do servizo de catering para o concerto de clausura do Festival Internacional de Música clasclás que terá lugar o vindeiro sábado 27 de xuño na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal, unha vez finalizado o concerto de clausura do Festival a cargo da Orquestra Sinfónica de Galicia, e a realizar pola empresa O AVÓ CHOPO con CIF B13692652 e polo importe total de 1.700,00 € ( 1545,45 e + 154,55 € do 10 % IVE) para 120 persoas e con cargo á partida 2026 3261 22699 do Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5 Liña 1 financiada con RRPP

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **MERCADOS**

### **PRP2026/2258**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, con NIF 35481452L, solicitando se lle concedan en réximen de aluguer, o postos nº 5-6, da zona H, exterior, da Praza de Abastos de vilagarcia de arousa, para exercer a actividade de venta de produtos de alimentación, así como bebidas para levar, aportando como se lle requiriu memoria descriptiva do acondicionamento do local e un croquis do local tras a reforma.

A Xunta de Goberno Local de data 23-03-2026, accedeu á solicitude de Ivanessa Gens Blanco, de conceder en réximen de aluguer, os postos nº 5-6, exterior, da zona H da Praza de Abastos de Vilagarcia de Arousa, para o cal debería presentar memoria descriptiva do acondicionamento do local e un croquis do local tras a reforma.

O artigo 20, en seu punto 3, do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcia de Arousa, aprobado en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, di que no caso de postos vacantes, en tanto non sexan obxeto de concesión, a Xunta de Goberno Local poderá outorgar autorizacións provisionais (dous anos prorrogables por outros dous) de carácter revogable, mediante arrendamento ou concerto.

Coa documentación aportada para reforma que vai levar a cabo, cumpre coa descrición técnica do posto para á actividade solicitada, non obstante deberá cumprir coa normativa vixente en réximen alimentaria, ordenanzas municipais, regulamento de mercados., así como si fora o caso, as normas urbanísticas para ocupación de via pública, (cadeiras, etc;).

Polo tanto en base ao artigo 20, en seu punto 3, do Regulamento das Prazas de Abastos, e de conformidade co informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a Dona Ivanessa Gens Blanco autorización provisional por dous anos prorrogables por outros dous, en réximen de aluguer, dos postos nº5-6, exterior, zona H, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, para a actividade solicitada, nas condicións que indica o regulamento. e cumprindo con todas as normativas vixentes para a actividade solicitada.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **PRP2026/2178**

O vindeiro día 05 de xullo de 2026, celébrase una nova edición (10ª) do Festival Folk no Alobre, no Castro Alobre, uns dos sitios arqueolóxicos máis emblemáticos da nosa ría, zona recentemente restaurada e habilitada. Debido ó seu emprazamento, este castro forma parte da propia historia da Arqueoloxía galega, vinculado á evolución histórica e o desenvolvemento urbano de Vilagarcía de Arousa.

As actividades previstas son:

- Ritual da penas do Alobre: visita guiada polo castro e o parque Enrique Valdés Bermejo, acompañados por Xurxo Souto, grupo tradicional Os Demos da Petaca e guía. Saída dos xardíns da praza de Ravella
- Sesión vermú con Brais das Hortas con Comisión de Festas
- Xantar demorado amenizado por grupos tradicionais
- Obradoiro «Baile solto e agarrados para foliadas», con Manolo Cobas e Bea Díaz ? Concertos:
  - Pandeireteiras Pésdebarro
  - Os Demos da Petaca
  - «Foliada Asalto», con Pesdelán
  - Os Carunchos
  - Foliada libre no torreiro da festa

Vista a proposta da Técnica de Normalización Lingüística e da Concelleira de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación da xestión, e execución do 10ª edición do Festival Folk no Alobre a Asociación Pésdebarro por importe de 14.950,00 €, con cargo á partida 334.22637.

Será a cargo do Concello de Vilagarcía calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro que puidese corresponder por dito evento, así como Decreto 226/2022, do 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, en todo aquilo que puidese concernir a este evento/ actividade.

#### **PRP2026/2189**

Dáse conta de proposta do Servizo de Normalización Lingüística para autorizar o gasto da compra de manteis de papel impresos a toda cor por unha cara, catro deseños, para a actividade de fomento de uso da lingua "Concurso de Deseño Gráfico: Implicados co Galego no Comercio Local" organizada polo IES Castro Alobre.

Á Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Déborah Fontenla Oliveira (Lamarka Publicidad) por importe de 3.993,00€, para a produción de trinta mil unidades de manteis de papel impresos a unha cara a toda cor, con 4 deseños diferentes, para a actividade "Concurso de deseño gráfico: implicados co galego no comercio local", organizada polo equipo de dinamización da lingua galega do IES Castro Alobre, con cargo á partida 334-22637

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2026/2157**

Dáse conta de informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación do parque infantil de San Xoán de Bamio, consistente na substitución dun elemento de xogo infantil e colocación de 4 elementos na zona de biosaudables por estar deteriorados e en mal estado.

Dáse conta do presuposto presentado pola empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL. por unha cantidade de 11.059,40 € (IVE 21% incluído) para o xogo infantil e 5.989,50 € (IVE 21% incluído) para os biosaudables, por seren os xogos colocados a día de hoxe desta mesma empresa.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda a adxudicación do contrato menor de obra citado á empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL, con CIF B-60961554 por un importe total de 17.048,90 € (IVE INCLUÍDO), con cargo ao proxecto 2025/2/PREST/6 e á partida orzamentaria 171-61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2160**

Dáse conta de informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación do parque infantil do Rial, consistente na reparación de 6 elementos por atoparse desgastados e/ou deteriorados, polo que resulta necesario a súa restauración.

Dáse conta dos presupostos presentados polas empresas NELMAR SL por unha cantidade de 16.086,95 € (IVE 21% incluído), MIGUEL BOUBETA RODRIGUEZ por unha cantidade de 17.061,00 € (IVE 21% incluído) e PCC por unha cantidade de 16.819,00 € (IVE 21% incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda a adxudicación do contrato menor de obra citado á empresa NELMAR SL con CIF B36176832 por un importe de 16.086,95 € (IVE incluído), con cargo ao proxecto 2025/2/PREST/6 e á partida orzamentaria 171-61900, por presentar a oferta máis económica.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/2239**

Dáse conta de informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación da pista deportiva do parque do Piñeiriño que presenta na actualidade numerosas roturas no seu solo, ten multitude de gretas que fan que o solo estea en determinados tramos a distinto nivel o que ocasiona un gran perigo de caída . A obra proposta de renovación do pavimento na pista deportiva parque do Piñeiriño resulta necesaria por atoparse deteriorada e agretada.

Dáse conta do presuposto presntado pola empresa GAROCAPRIM SL por unha cantiadade de 48.369,75 € (IVE 21% incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor de obra citado á empresa GAROCAPRIM SL, por un importe de 48.369,75 € (IVE INCLUÍDO), con cargo á partida orzamentaria 171-61900 dentro do proxecto 2025/2/PREST/6.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

### PRP2026/2244

Dáse conta do informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación do parque infantil de Matosinhos, consistente na substitución de tres elementos de xogo infantil e colocación de 3 elementos máis. En total procederíase a instalarse 6 elementos de xogos, por atoparse na actualidade desgastados e/ou deteriorados.

Dáse conta do presuposto presentado pola empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL. por unha cantidade de 17.678,10 € (IVE 21% incluído)

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda a adxudicación do contrato menor de obra citado á empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL, con CIF B-60961554 por un importe total de 17.678,10 € (IVE 21% incluído) con cargo ao proxecto 2025/2/PREST/6 e á partida orzamentaria 171-61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO

### PRP2026/2232

Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo na que se indica o seguinte:

O Concello de Vilagarcía de Arousa solicitou, o 30.10.2025, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático as autorizacións de ocupación previstas no Plan de Explotación dos Servizos de Tempada. O 16.03.2026 o Departamento Territorial desa Consellería resolveu a autorización para a ocupación dos espazos incluídos no plan que son:

| Praia               | Actividade          | Localización coordenadas      | Ocupación m2 | Inicio explotación | Finalización explotación |
|---------------------|---------------------|-------------------------------|--------------|--------------------|--------------------------|
| Compostela-A Concha | Baño portátil       | X: 518568.81<br>Y: 4717814.85 |              | 27/03/2026         | 31/10/2026               |
| Compostela-A Concha | Quiosco (de xeados) | X: 518561.81<br>Y: 4717810.85 | 17.5 M2      | 27/03/2026         | 31/10/2026               |
| Saiñas              | Quiosco             | X: 516634.56<br>Y: 4714512.38 | 45 m2        | 27/03/2026         | 31/10/2026               |

Logo o Concello presentou solicitude de modificación dese plan para incluír 2 quioscos de venda de comidas en bebidas na Praia da Compostela-A Concha, e que foi resolta favorablemente polo departamento territorial da Consellería, o 01/06/2026, e inclúe as seguintes instalacións:

| Praia               | Actividade | Localización coordenadas      | Ocupación m2 | Inicio explotación | Finalización explotación |
|---------------------|------------|-------------------------------|--------------|--------------------|--------------------------|
| Compostela-A Concha | Quiosco    | X: 518561.81<br>Y: 4717810.85 | 20+50 m2     | 01/06/2026         | 31/10/2026               |
| Compostela-A Concha | Quiosco    | X: 518561.81<br>Y: 4717810.85 | 20+50 m2     | 01/06/2026         | 31/10/2026               |

Estas autorizacións poderán ser prorrogada por outros tres anos, ata un total de catro anos, previa solicitude polo Concello.

AXunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2026/2233

Ratificación da adxudicación das autorizacións de utilización privativa do dominio público marítimo-terrestre para instalación de servizos de tempada en Vilagarcía de Arousa, nos anos 2026-2029.

O Concello solicitou, por primeira vez, o Plan de Explotación de Servizos de Tempada, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para o ano 2026 e prorrogable ata o 2029.

Os servizos incluídos nese plan son:

| SERVIZO                                 | EMPRAZAMENTO                       | COORDENADAS                      |
|-----------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------|
| QUIOSCO DE VENDA DE XEADOS              | PASEO MARÍTIMO DA PRAIA COMPOSTELA | X: 518.561.81<br>Y: 4.717.810.85 |
| QUIOSCO VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS      | PRAIA DE SAIÑAS                    | X: 516.634.66<br>Y: 4.714.512.38 |
| QUIOSCO 1 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS | PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA         | X: 519.081.89<br>Y: 4.717.025.17 |

|                                         |                            |                                  |
|-----------------------------------------|----------------------------|----------------------------------|
| QUIOSCO 2 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDAS | PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA | X: 519.136.17<br>Y: 4.716.830.95 |
|-----------------------------------------|----------------------------|----------------------------------|

O 27/06/2026 reuniuse a Comisión de Avaliación, para valorar as solicitudes que foron presentadas ao Concello e logo douse conta á Xunta de Goberno Local da acta correspondente. A relación de autorizados é a seguinte:

| SERVIZO                                                              | AUTORIZADO                                                |
|----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| QUIOSCO 1 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDA NA PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA | GARABULLA MEMPEGAL PROMOCIONES, S.L.<br>CIF: 94186004     |
| QUIOSCO 2 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDA NA PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA | GARABULLA MEMPEGAL<br>PROMOCIONES, S.L.<br>CIF: B94186004 |
| QUIOSCO DE VENDA DE XEADOS NO PASEO MARÍTIMO DA COMPOSTELA           | BE CREATIVE, E.S.P.J.<br>CIF: E10757102                   |

Este servizo de Turismo requiriu a eses adxudicatarios para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que se reciba o requirimento, constituía a garantía definitiva e achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario da autorización que figuran na cláusula XIII do prego que rexe estas autorizacións.

Todos eles presentaron a documentación requirida e que acredita que compren as condicións establecidas.

Respecto do depósito de 25 €/m<sup>2</sup> que tiñan que establecer a favor do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, o técnico de turismo deste concello púsoxe en contacto co Servizo Provincial de Costas e lle indicaron que agora ese depósito era a favor da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Solicitouse a instrución oportuna ao Servizo do Litoral en Pontevedra pero aínda non se obtivo a resposta polo que non se puido indicar aos autorizados como facelo.

A Xunta de Goberno Local acorda que os seguintes titulares das autorizacións, poidan iniciar xa a súa actividade.

| SERVIZO                                                              | AUTORIZADO                                                |
|----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| QUIOSCO 1 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDA NA PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA | GARABULLA MEMPEGAL PROMOCIONES, S.L.<br>CIF: 94186004     |
| QUIOSCO 2 DE VENDA DE BEBIDAS E COMIDA NA PRAIA DA CONCHA-COMPOSTELA | GARABULLA MEMPEGAL<br>PROMOCIONES, S.L.<br>CIF: B94186004 |
| QUIOSCO DE VENDA DE XEADOS NO PASEO MARÍTIMO DA COMPOSTELA           | BE CREATIVE, E.S.P.J.<br>CIF: E10757102                   |

Estes autorizados aínda non constituíron o depósito de 25€/m<sup>2</sup> a favor da Consellería de Medio Ambiente en Cambio Climático por no ter o servizo de turismo deste Concello as instrucións oportunas. Logo de obtidas se requirirá a eses autorizados a constitución dese depósito.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL - CONSUMO

#### PRP2026/2132

Dáse conta do expediente de responsabilidade patrimonial RESPAT/2026/000037 e o informe da policía local 1622/2026, relativos aos danos ocasionados por varios mozos nas manillas das portas dos aseos da praia da Concha, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, o día 29/03/2026.

Dáse conta do informe técnico coas seguintes consideracións:

- Os técnicos municipais, tras revisar o estado das manillas dos aseos, determinaron que a súa reparación non era viable. Tras realizar as oportunas xestións en distintos establecementos de ferraxería da localidade, comprobouse que o modelo existente xa non se fabrica, polo que se optou pola adquisición de novas manillas de características similares, efectuando as adaptacións necesarias nas portas para a súa instalación.

O gasto en material para a realización da reparación foi o seguinte:

| Número documento | Data      | Provedor  | Nº albará | Material                                               | Importe  |
|------------------|-----------|-----------|-----------|--------------------------------------------------------|----------|
| Anexo I          | 28-Abr-26 | Castroman | 202605367 | 2 manillas                                             | 21,00 €  |
| Anexo II         | 29-Abr-26 | Castroman | 202605410 | Remaches, brocas, fresa, copias das chaves e chaveiros | 63,15 €  |
| Anexo III        | 30-Abr-26 | Baygar    | 261101644 | 3 manillas                                             | 27,70 €  |
|                  |           |           |           | TOTAL                                                  | 111,85 € |

Os traballos realizados polo persoal municipal consistiron en:

- Fabricación de 12 platinas de aceiro de 20 cm x 8 cm x 3 mm para adaptar as 6 novas manillas, empregando recortes metálicos existentes no taller municipal. Desmontaxe das manillas deterioradas, colocación das platinas de reforzo e as novas manillas (incluíndo unha manilla procedente do stock existente no servizo) e posterior pintado. Realización de copia das chaves das novas pechaduras para o servizo de limpeza dos aseos.

- O tempo empregado foi de aproximadamente 2 horas por cada pechadura, o que supuxo un total de 12 horas de traballo para a reparación das seis portas afectadas dun operario soldador. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda repercutir os gastos realizados polo Concello ás persoas responsables.

Dar conta ao Departamento de Recursos Humanos, coa finalidade de que se realice o cálculo do custe da man de obra dos empregados municipais.

## CULTURA

### PRP2026/2158

En Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 01.04.2026 adoptouse acordo de aprobación das bases e a ficha de inscrición que regularon o certame, (publicadas no BOPP Nº 69 de martes 14 de abril de 2026) así como dotación de premios cun crédito inicial de 3.700,00€ con cargo aplicación orzamentaria 334.48100 do orzamento vixente.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O Recoñecemento de Obriga a favor dos participantes no Certame dos Maíos 2026 segundo a táboa que se detalla (Para persoas físicas non corresponde aplicar a retención de I.R.P.F.(19%) dado que non o premio non supera os 300,00€ ) Para persoas xurídicas (neste caso, ANPAS, COLEXIOS E ASOCIACIÓN CULTURAL) contribuíntes do Imposto Sobre Sociedades, non procede retención IRPF, (algunha non supera os 300,00€). con cargo á partida orzamentaria 334.48100:

| NOME                          | MAIO                                                                                                                  | IMPORT E           | IRPF | TOTAL NETO |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|------|------------|
| SUSANA MOURE COBOS            | CÓNICO: MAR DE FRORES (sen letra)<br>ARTÍSTICO: RAÍCES DE AROUSA (sen letra)                                          | 80,00€<br>80,00€   | --   |            |
| SUSANA MOURE COBOS            | IMPORTE TOTAL                                                                                                         | 160,00€            |      | 100,00€    |
| ANPA SAN MARTIÑO              | CÓNICO: DE PELÍCULA ( sen letra)<br>ARTÍSTICO: ALUCINE VILAXOÁN (con letra máis 25 persoas)                           | 80,00€<br>150,00€  | --   |            |
| ANPA SAN MARTIÑO              | IMPORTE TOTAL                                                                                                         | 230,00€            |      | 230,00€    |
| ANPA DOUTOR FLEMING           | CÓNICO CÓNICO EXIPCIO (con letra máis 25 persoas)<br>ARTÍSTICO: (CASTRO ALOBRE) (con letra con máis 25 persoas)       | 150,00€<br>150,00€ | ---- |            |
| ANPA DOUTOR FLEMING           | IMPORTE TOTAL                                                                                                         | 300,00€            |      | 300,00€    |
| ANPA ALONGA                   | CÓNICO: O MAIO MITOLÓXICO (con letra máis 25 persoas)<br>ARTÍSTICO: A PÓCIMA DA BOA SORTE (con letra máis 25 persoas) | 150,00€<br>150,00€ | --   |            |
| ANPA ALONGA DO CEIP AREALONGA | IMPORTE TOTAL                                                                                                         | 300,00€            |      | 300,00€    |

|                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                  |     |         |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|-----|---------|
| CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS                                                       | CÓNICO: O MAIO DO CURRAL (con letra máis 25 persoas)<br>ARTÍSTICO: A DESPENSA DE SABELA (con letra máis 25 persoas)<br>CRUZ DE MAIO: CRUZ DO AGRO (con letra mínimo 4 persoas)<br>CAIXA: SEMENTEIRA (con letra mínimo 4 persoas)<br>BARCO: NAVEGANDO POLAS LEIRAS (con letra mínimo 4 persoas) | 150,00€<br>150,00€<br>40,00€<br>30,00€<br>30,00€ | --- |         |
| CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS                                                       | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 400,00€                                          |     | 400,00€ |
| ANPA CEE VILAGARCÍA DE AROUSA                                                     | CÓNICO: QUE CONTO TEMO (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                                             | 80,00€                                           | --- |         |
| ANPA CEE VILAGARCÍA DE AROUSA                                                     | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 80,00€                                           |     | 80,00€  |
| ANPA A ESCARDIA                                                                   | CÓNICO: RAÍCES DA ESCARIA (con letra máis de 25 persoas)<br>ARTÍSTICO: A ESCARDIA NA VENDIMIA (con letra máis de 25 persoas)<br>CRUZ DE MAIO: CAMIÑOS DA ESCARDIA (mínimo 4 persoas)<br>CAIXA: A MUIÑEIRA DA ESCARDIA (mínimo 4 persoas)<br>BARCO: OS TERREOS (mínimo 4 persoas)               | 150,00€<br>150,00€<br>40,00€<br>30,00€<br>30,00€ | --- |         |
| ANPA A ESCARDIA                                                                   | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 400,00€                                          |     | 400,00€ |
| CEIP PLURILINGÜE ROSALIA DE CASTRO                                                | CÓNICO: EXPERIMENTANDO COAS TRADICIÓNS (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                             | 80,00€                                           | --  |         |
| CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO                                                | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 80,00€                                           |     | 80,00€  |
| ANPA A XUNQUEIRA DO CEIP A LOMBA                                                  | CÓNICO: MAÍÑO DE A LOMBA (con letra máis de 25 persoas)                                                                                                                                                                                                                                        | 150,00€                                          | --- |         |
| ANPA A XUNQUEIRA DO CEIP A LOMBA                                                  | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 150,00€                                          |     | 150,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL RECRETATIVA CONTRA VENTO E MAREA                              | CÓNICO: O MAIO DA LAXE (sen letra)<br>CRUZ DE MAIO: A SANTRA CRUZ (con letra mínimo 4 persoas)<br>CAIXA: CAIXA DO MONTE XAQUÍN (con letra mínimo 4 persoas)<br>BARCO: O BARCVO DA PETELA (con letra mínimo 4 persoas)                                                                          | 80,00€<br>40,00€<br>30,00€<br>30,00€             | --- |         |
| ASOCIACIÓN CULTURAL RECRETATIVA CONTRA VENTO E MAREA                              | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 180,00€                                          |     | 180,00€ |
| FUNDACIÓN ASILO HOSPITALILLO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS (RESIDENCIA DIVINA PASTORA) | CÓNICO: DIVINDADE (sen letra)<br>ARTÍSTICO: DE HOXE NUN ANO (sen letra)                                                                                                                                                                                                                        | 80,00€<br>80,00€                                 | --- |         |
| FUNDACIÓN ASILO HOSPITALILLO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS                             | MPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                   | 160,00€                                          |     | 180,00€ |
| MERCEDES BEGOÑA SIXTO NOGUEIRA                                                    | ARTÍSTICO: O PANAL DO MAIO (con letra mínimo 10 persoas)<br>CRUZ DE MAIO: FOLKLORE DE MAR (con letra mínimo 4 persoas)                                                                                                                                                                         | 100,00€<br>40,00€                                | --- |         |
| MERCEDES BEGOÑA SIXTO NOGUEIRA                                                    | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 140,00€                                          |     | 140,00€ |
| SANDRA GARCÍA ROMA                                                                | CÓNICO: ARTEMIS (sen letra)<br>ARTÍSTICO: POUÇO PICA (sen letra)                                                                                                                                                                                                                               | 80,00€<br>80,00€                                 | --- |         |
| SANDRA GARCÍA ROMA                                                                | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 160,00€                                          |     | 160,00€ |
| INÉS MARCOS CARREGAL                                                              | ARTÍSTICO: O MUÍÑO DE ROQUE E MARTIÑO (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                              | 80,00€                                           | --- |         |
| INÉS MARCOS CARREGAL                                                              | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 80,00€                                           |     | 80,00€  |
| MARCELA DIZ LUGO                                                                  | CÓNICO: TRADICIÓN (sen letra)<br>ARTÍSTICO: PRIMAVERA (sen letra)                                                                                                                                                                                                                              | 80,00€<br>80,00€                                 | --- |         |
| MARCELA DIZ LUGO                                                                  | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 160,00€                                          |     | 160,00€ |
| ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ                                                          | CÓNICO: O ANANO DAS UVAS DE CARRIL (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                                 | 80,00€                                           | --- |         |
| ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ                                                          | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 80,00€                                           |     | 80,00€  |
| SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ                                                           | ARTÍSTICO: MEIGAS ...¡HABELAS HAINAS! (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                              | 80,00€                                           | --  |         |
| SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                | 80,00€                                           |     | 80,00€  |
| NADIA LEYLA AL-AZMEH MACÍA                                                        | ARTÍSTICO: O GALO KIRÍKO (sen letra)                                                                                                                                                                                                                                                           | 80,00€                                           | --  |         |
| NADIA LEYLA AL-AZMEH MACIA                                                        | IMPORTE TOTAL                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 80,00€                                           |     | 80,00€  |

|                       |                         |        |    |        |
|-----------------------|-------------------------|--------|----|--------|
| LETICIA MORALES ROLÁN | CÓNICO: FESTA DE FROLES | 80,00€ | -- |        |
| LETICIA MORALES ROLÁN | IMPORTE TOTAL           | 80,00€ |    | 80,00€ |

- Que se reintegre á aplicación orzamentaria correspondente (334.48100) o sobrante que ascende a cantidade de 400,00€

### PRP2026/2217

O Convenio de colaboración para a xestión do Centro Sociocultural municipal de Fontecarmoa entre o Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación de Mulleres Rurais FONTECARMOA (G36530350), asinouse o 20/12/2024.

No expediente para a realización da Addenda para o 2026 (CULT/2026/000024) consta a documentación necesaria.

A efectividade da addenda queda condicionada á existencia de crédito adecuado e dispoñible e á aprobación do gasto polo órgano competente, que se reflicte no documento contable de autorización de gasto en fase A (20259000020) e N° de Expediente 2/CULT25\_19.

Dáse conta do informe do departamento de Cultura, asinado polo Técnico de Xestión Cultural do Concello, e tendo en conta que o gasto total a asumir polo Concello non supera o 2.000,00 € no exercicio 2026 e que a demanda da entidade que xestiona o CSC entra nos supostos reflectidos no convenio procede a contratación para o ano 2026 das actividades culturais propostas para desenvolver no Centro Sociocultural de Fontecarmoa por importe máximo de 1.993,77 € (IVE engadido).

As actividades serán realizadas polas seguintes persoas físicas e xurídicas:

| PROVEDOR                                         | NIF       | CONCEPTO                                                        | CORRENTE          | OBSERVACIÓNS          | TOTAL      |
|--------------------------------------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------|-------------------|-----------------------|------------|
| ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL OS PIRRAS          | G94144003 | Actuación na actividade MAGOSTO o día 07/11/2026                | 500,00 €          | Exento de IVE         | 500,00 €   |
| ASOCIACIÓN MUSICAL ORFEÓN DE VOCES GRAVES AROUSA | G94183076 | Actuación o día 19/12/2026- ANIVERSARIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL | 600,00 €          | Exento de IVE         | 600,00 €   |
| CARLOS MORANA MUÍÑOS                             | 35311169M | Actuación DÚO LOS DINÁMICOS O 27/12/2026                        | 544,50 €          | IVE engadido (94,50€) | 544,50 €   |
| CASTROMÁN 1 SL                                   | B36406650 | Compra de material segundo orzamento                            | 74,90 €           | IVE engadido          | 74,90 €    |
| DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.                        | A36036739 | Compra de material segundo orzamento                            | 274,37 €          | IVE engadido          | 274,37 €   |
| PARTIDA ORZAMENTARIA                             | 334-22703 |                                                                 | TOTAL ORZAMENTADO |                       | 1.993,77 € |

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto da addenda e autorizar ao Alcalde-Presidente do concello de Vilagarcía de Arousa para a súa sinatura coa asociación de Mulleres Rurais FONTECARMOA (G36530350).

Segundo: Adxudicar os seguintes contratos menores das actividades aos provedores seguintes, facendo un gasto total de 1.993,77 € (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 334-22703:

| PROVEDOR                                         | NIF       | DIRECCIÓN                                                           | CONCEPTO                                                        | TOTAL    |
|--------------------------------------------------|-----------|---------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|----------|
| ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL OS FIRRAS          | G94144003 | Campos San Martín 50E 36980 O GROVE                                 | Actuación na actividade MAGOSTO o día 07/11/2026                | 500,00 € |
| ASOCIACIÓN MUSICAL ORFEÓN DE VOCES GRAVES AROUSA | G94183076 | Rúa Lucas de Bohemia, 10 36620 VILANOVA DE AROUSA                   | Actuación o día 19/12/2026- ANIVERSARIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL | 600,00 € |
| CARLOS MORANA MUÍÑOS                             | 35311169M | R/Raposeira 55 36980 O GROVE                                        | Actuación DÚO LOS DINÁMICOS o 27/12/2026                        | 544,50 € |
| CASTROMÁN 1 SL                                   | B36406650 | Rúa Manuel Antonio, 15 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA                   | Compra de material segundo orzamento                            | 74,90 €  |
| DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.                        | A36036739 | Centro Comercial Arousa Urb. A Xunqueira 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA | Compra de material segundo orzamento                            | 274,37   |

### PRP2026/2221

Vista a solicitude da Asociación Comisión de Festas San Miguel da Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello nas seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra

de San Miguel os días 2, 3 e 4 de outubro de 2026:

| NOME DO GRUPO                               | C.I.F.    | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE | PARTIDA ORZAMENTARIA |
|---------------------------------------------|-----------|---------------|---------|----------------------|
| ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERREIBLES DE AROUSA | G36436947 | 02-10-2026    | 391,00€ | 334-22609            |
| GRUPO FOLCLÓRICO MOCEDADE DA TORRE 83       | G36185817 | 03-10-2026    | 391,00€ | 334-22609            |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER           | G94135449 | 04-10-2026    | 335,00€ | 334-22609            |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2026/2222**

Vista a solicitude de D. Rafael Barcala Santiago, en representación da AA.VV. San Miguel de Trabanca Badiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun acto lúdico -Serán, o día 20 de xuño de 2026:

- Actuación da Asociación Cultural a Nosa Sra. Da Xunqueira, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2026/2223**

Vista a solicitude de D. Damián Pombo Patiño, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme os vindeiros días 18, 19 e 20 de xullo de 2026:

| NOME DO GRUPO                                                 | C.I.F.    | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE  | PARTIDA ORZAMENTARIA |
|---------------------------------------------------------------|-----------|---------------|----------|----------------------|
| ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERREIBLES DE AROUSA - Grupo de Gaitas | G36436947 | 18-07-2026    | 391,00€  | 334-22609            |
|                                                               |           | 19-07-2026    | 391,00 € |                      |
|                                                               |           | 20-07-2026    | 391,00 € |                      |
| ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA DE VILAXOÁN - CORAL            | G36446862 | 19-07-2026    | 585,00 € | 334-22609            |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/2224**

Vista a solicitude de D. Rafael Barcala Santiago, en representación da Asociación Cultural SAN Miguel Arcangel Trabanca Badiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San Miguel en Trabanca Badiña, o día 29 de setembro de 2026:

| NOME DO GRUPO                              | C.I.F.    | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE | PARTIDA ORZAMENTARIA |
|--------------------------------------------|-----------|---------------|---------|----------------------|
| ASOCIACION CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS | G94093598 | 29-09-2026    | 350,00€ | 334-22609            |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER          | G94135449 | 29-09-2026    | 335,00€ | 334-22609            |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/2280**

A Xunta de Goberno Local de data 02/03/2026 aprobou o convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación cultural CURTAS FILM FEST (G94137379) e por un valor de 55.000,00 € (CINCUENTA E CINCO MIL EUROS).

Con data de 10 de marzo de 2026 as partes asinan o texto do convenio para esta 54ª edición do "CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO" 2026.

Na Xunta de Goberno Local de 23/03/2026 deuse conta da sinatura do convenio polas partes, incorporándose por erro referencia ao recoñecemento parcial da obriga sen ter solicitado a previa e preceptiva fiscalización da Intervención Municipal.

Na cláusula sexta do convenio regulador de subvención nominativa, o Concello comprométese ao pagamento do 50% da subvención unha vez asinado este polas partes, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 31 da Lei de Subvencións de Galicia, tendo esta subvención o carácter de prepagable.

Prevía fiscalización da Intervención Municipal, e vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: O recoñecemento de obriga do 50% do convenio a favor da ASOCIACIÓN CULTURAL CURTAS FILM FEST (G94137379), polo importe de 27.500,00 € (VINTE E SETE MIL QUINIENTOS EUROS), con cargo a aplicación orzamentaria 334-48002 e o compromiso de gasto debidamente adquirido (número de operación contable 220260001921), de acordo coa cláusula sexta do convenio, ratificando con elo o acordo de XGL de data 23/03/2026 con efectos dende que se adopte este novo acordo.

Segundo: Que se traslade este acordo a Intervención Municipal aos efectos oportunos.

Terceiro: Que se notifique a ASOCIACIÓN CULTURAL CURTAS FILM FEST (G94137379).

**PRP2026/2292**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Cultura organiza as Festas de San Roque neste municipio, entre o 14 e o 23 de agosto de 2026 semana grande das festas, na que se van levar a cabo actividades culturais, infantís, concertos, deportivas, verbenas, etc. resaltando sobre todo a Festa da Auga o día 16 de agosto, declarada Festas de Interese Turístico Nacional, así como o Combate Naval, que este ano será o día 22 de agosto.

Esa semana en Vilagarcía, haberá multitude de persoas por todas as rúas de Vilagarcía, o que terá un gran impacto económico no sector turístico da vila e nos seus arredores.

GADISA RETAIL S.L.U. considera convinte colaborar economicamente patrocinando o desenvolvemento das Festas de San Roque 2026 formalizando esta colaboración a través do presente contrato de patrocinio.

A finalidade do presente contrato é colaborar no patrocinio das Festas de San Roque 2026. O obxecto do contrato é a difusión da imaxe da patrocinadora en toda a publicidade que se leve a cabo das Festas, conseguindo que chegue ao maior número de espectadores posible. A acción publicitaria materializarase incorporando a marca logo da empresa/ entidade no programa de Festas de San Roque 2026 e as bandeirolas publicitarias dos concertos, difusión por internet e mupies. Á vista do anterior, dáse conta á Xunta de Goberno Local do Contrato de Patrocinio debidamente asinado entre a Empresa GADISA RETAIL S.L.U. (C.I.F. B-15735590) e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para as actividades programadas durante as festas de San Roque 2026, por un importe de 2.350,00€ A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado contrato de patrocinio.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2026/2182**

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa tomou, en sesión celebrada o 22 de decembro de 2025, entre outros acordos, o de aprobar o proxecto técnico denominado «Reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol municipais de A Pelada e Vilaxoán», cun orzamento de execución por contrata de 100.944,99 €.

Tramítase a instancia desta concellería, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de referencia, ditándose Providencia de Incoación, con data 1 de xuño de 2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do o 22 de decembro de 2025, solicitouse subvención, con cargo ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 100.944,99 €, coa finalidade de financiar este investimento.

A Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a devandita subvención por acordo da súa Xunta de Goberno, do 10 de abril de 2026.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), acta de reformulo, memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol Municipais de A Pelada e Vilaxoán».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 100.944,99 €.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 100.944,99 €, con cargo á aplicación orzamentaria 342 61900 (proxecto de gasto 2026/2/PEID/2/1).

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2026/2281**

Visto o expediente de gasto INT/2026/125 integrado pola relación de xustificantes F/2026/33 por importe de 1.216,53€.

